



Designación do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2024/25.

A Resolución do 16 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas e se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25. (DOG núm. 82 do 25 de abril de 2024), e a Resolución do 9 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2024/25 (DOG núm. 89 do 7 de maio de 2024), establecen que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

De conformidade co establecido nas citadas resolucións do 16 de abril de 2024 e do 9 de abril de 2024, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2024/25, e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG núm. 144 do 25/06/2001) modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG núm. 144 do 18/07/2008) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG núm. 96 do 30/05/2011).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional





ANEXO

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Verónica Martínez Delgado	Presidenta	Blanca Rodríguez Latorre
Secretaria	Ana Alberte Lista	Secretaria	María Isabel García Criado
Vogal 1º	Fernando Lojo Piñeiro	Vogal 1º	Francisco Javier Poch Gutiérrez
Vogal 2º	María do Carme González Bueno	Vogal 2º	Tomás Rodríguez Puy
Vogal 3º	Susana González Marcos	Vogal 3º	Raquel Rodríguez Blanco
Vogal 4º	María de las Nieves Neyra García	Vogal 4º	Ana María López Díaz
Vogal 5º	María Soledad Castellanos Merayo	Vogal 5º	Tania Souto Herraiz

